PLAN DE ACCIÓN TITORIAL EN GRUPO. 1º E.S.O.

SESIÓNS PROPOSTAS PARA O PRIMEIRO TRIMESTRE. *(Modificables segundo necesidades e demandas do alumnado)*			
PROGRAMA	**ACTIVIDADE**	**OBXECTIVOS**	
ACOLLIDA AO INICIO DE CURSO	Actividades de acollida no primeiro día de clase.	Dar unha acollida cálida ao alumnado. Informar do horario, características da ESO., disciplina no centro... Realizar unha actividade de contacto e convivencia entre os alumnos	
RESOLUCIÓN DE CONFLITOS NO GRUPO.	Debates para a reflexión e toma de compromisos dirixidos á resolución dos conflitos do grupo. (*A criterio do titor ou demanda do alumnado*)	Facilitar ao alumno a reflexión e toma de conciencia sobre os seus conflitos grupais. Propiciar a toma de compromiso de colaboración.	
MELLORA DA CONVIVENCIA.	O rumor	Comprobar as vantaxes da cooperación	
	Descobre a clave e Cuestionario Inicial.	Identificar o nome dos seus profesores. Recoller os datos iniciais de interese do alumnado.	
ELECCIÓN DE DELEGADOS.	Voceiro ante o rei.	Motivar para unha elección responsable.	
	Acto de elección do delegado.	Elixir o delegado e cumprir a acta.	
MELLORA DO RENDEMENTO.	Posterior á avaliación cero.	Facilitar ao alumno a reflexión e toma de conciencia sobre o seu funcionamento e rendemento como grupo. Propiciar a toma de compromisos de colaboración na mellora do rendemento e a disciplina.	
TÉCNICAS DE ESTUDO.	O meu sistema de estudo.	Reflexionar sobre o seu método de estudo.	
	¿Que lle aconsellas?	Buscar estratexias para solucionar dificultades.	
MELLORA DO RENDEMENTO.	Sesión previa a avaliación.	Motivalos ao estudo, recoller as súas propostas para a sesión de avaliación.	
MELLORA DA IMAXE PERSOAL.	Tests dos tres minutos.	Crear unha actitude positiva ante estas actividades.	
	Cuestionarios de reflexión sobre a imaxe persoal.	Reflexionar sobre condutas e trazos persoais.	

ACTIVIDADES DE ACOLLIDA AO INICIO DO CURSO.

A TARXETA DE VISITA.

*** OBXECTIVO:**

Favorecer o primeiro contacto entre o alumnado, coa intención de propiciar o seu coñecemento e aceptación mutua.

*** MATERIAIS:**

Lapis ou bolígrafo e un folio por alumno.

*** PROCESO DE REALIZACION:**

Primeiro paso. Indícase a cada alumno que escriba, con letras grandes, nun folio dobrado pola metade (de forma que se manteña de pé sobre a mesa), o nome polo que lle gustaría que lle chamasen e debaixo de este, as súas afeccións, gustos, intereses, etc. (deportes favoritos, cantantes, modas). Pola parte de atrás do folio escribirán aquelas preguntas que lle gustaría facer ao seu titor (si non se lles ocorre ningunha pregunta, tamén, poden servir as expectativas e desexos que teñen para este ano).

O folio debe estar de tal forma posto e escrito que resulte doado de ler aos seus compañeiros.

Segundo paso. Déixase aos alumnos uns dez minutos para que traten de descubrir e memorizar o máximo de datos sobre os seus compañeiros máis próximos.

Terceiro paso. O titor recolle as tarxetas e asegurándose que non as ven os alumnos, le as afeccións, gustos, etc. (sen ler o nome), os alumnos terán que descubrir de quen se trata en cada caso (convén ler todas as tarxetas, pero si non houbese tempo pódense ler só unhas cantas).

Cuarto paso. Despois de cada tarxeta, ou ben, despois de ler todas, o titor contestará ou comentará as preguntas que lle fan na parte posterior do folio.

NOTA: Actividade adaptada do libro: BRUNET GUTIERREZ, J. J. e NEGRO FAILDE, J. L. (19^{84}3)"Tutoría para adolescentes" Madrid. Edicións San Pío X.